

Liceo *Franciscano*

REVISTA DE ESTUDIO E INVESTIGACIÓN



LICEO FRANCISCANO

EDITORIAL EL ECO FRANCISCANO
PROVINCIA FRANCISCANA DE SANTIAGO

Liceo Franciscano: Revista de estudio e investigación / Provincia Franciscana de Santiago. – 1º ep. Año I, nº 1 (enero, 1939) – Año XXIX, nº 87 (enero, 1976); 2ª ep. Año XXX, nº 88 (enero-diciembre, 1977) – Año LXVI, nº 207 (enero-diciembre, 2016); 3ª ep. Año LXVII, nº 208 (enero-junio, 2017). – Provincia Franciscana de Santiago : El Eco Franciscano, 1930 - .

v. : il. ; 23,5 cm

Semestral

D.L. C755-2003

ISSN 0211-4011

e-ISSN 2530-917X

902(05)

94(460.11)

703, 704, 204

DIRECCIÓN Y ADMINISTRACIÓN:

Convento de San Francisco

Campillo de San Francisco, 3 - Apartado 15

15705 - Santiago de Compostela

e-mail: contacto@liceofranciscano.es

Suscripción en papel y digital en www.liceofranciscano.es

Se solicita intercambio con revistas de temática semejante.

El Liceo Franciscano se recoge en las siguientes bases de datos:

ISOC (CSIC), DIALNET, LATINDEX, CIRC Y MIAR.

Imagen cubierta:

San Francisco de Asís recibiendo los estigmas obra del Maestro de Hoogstraten, ca. 1510.

Fuente: Museo Nacional del Prado

LICEO FRANCISCANO

REVISTA DE ESTUDIO E INVESTIGACIÓN

Santiago de Compostela

Año LXXIV (3ª Época)

Julio - Diciembre 2024

Núm. 223

LICEO FRANCISCANO

Revista de Estudio e Investigación

EDITA

EL ECO FRANCISCANO

PROVINCIA FRANCISCANA DE SANTIAGO

www.ecofranciscano.com

EQUIPO EDITORIAL

DIRECTOR

Juan Manuel Buján, OFM

SECRETARÍA

Carmen Martínez Vázquez
Biblioteca Franciscana de la Provincia de Santiago

ADMINISTRADOR

Joaquín Pulleiro Oro, OFM

CONSEJO DE REDACCIÓN

Enrique Mourille Feijoo, OFM
Archivo Franciscano de la Provincia de Santiago

Martín Carbajo, OFM
Universidad Pontificia Antonianum de Roma

Miguel de la Mata Merayo, OFM
Instituto Teológico Compostelano

Francisco Buide del Real.
Archivo y Biblioteca de la Catedral de Santiago

Antonio Gutiérrez González
Instituto Teológico Compostelano

www.liceofranciscano.es

Contacto: dirección@liceofranciscano.es
secretaría@liceofranciscano.es
contacto@liceofranciscano.es

ÍNDICE

<i>Presentación</i>	9
<i>• Historia, arte y patrimonio</i>	
PEREGRINOS E ITINERARIOS ESPAÑOLES A TIERRA SANTA <i>Enrique Bermejo Cabrera</i>	13
GORRIÓNS CORREN FALCÓNS: OS IRMANDIÑOS DE GALICIA <i>Carlos Barros</i>	47
PRESENZA E RECEPCIÓN DE DANTE ALIGHIERI NA BIBLIOTECA FRANCISCANA DE SANTIAGO <i>Carolina García Abad</i>	59
LA IGLESIA DE SANTA MARÍA LA REAL DE ENTRIMO: UNA APROXIMACIÓN A SU ARQUITECTURA <i>Luis Ángel Bermúdez Fernández</i>	89
LAS SEPULTURAS DE OBISPOS DE LA DIÓCESIS DEL SACRAMENTO EN LA CATEDRAL DE LUGO (SIGLOS XVI AL XXI) <i>Marcos Gerardo Calles Lombao</i>	119
LOS ASUNTOS ECLESIASTICOS Y EL CONCORDATO DE 1851 <i>Juan Philippon Prieto</i>	151

• *Filosofía y Pensamiento*

APORTACIONES FILOSÓFICAS A LAS CONCEPCIONES DE FRATERNIDAD Y COMUNIDAD FRANCISCANAS	179
<i>Josep Serra Sales</i>	

• *Teología y Espiritualidad*

EDUCACIÓN E INTELIXENCIA ARTIFICIAL: O PAPEL DA FAMILIA	217
<i>Martín Carbajo-Núñez</i>	
LA FIGURA DE LA PROPIEDAD PRIVADA SEGÚN LAS ENCÍCLICAS DE SAN JUAN XXIII	233
<i>Vidal Rivera Sabatés</i>	

• *Memoria Franciscana*

PROVINCIALES DE LA RESTAURACIÓN DE LA PROVINCIA DE SANTIAGO: P. SAMUEL EIJÁN LORENZO (1876-1945)	249
<i>Juan Manuel Buján García</i>	

LICEO FRANCISCANO
Núm 223 (Julio-Diciembre 2024), pp. 217-232
ISSN 0211-4011
e-ISSN 2530-917X
D.L. C755-2003

Teología y Espiritualidad

**EDUCACIÓN E INTELIXENCIA ARTIFICIAL:
O PAPEL DA FAMILIA**

→ Martín Carbajo-Núñez*

* Pontificia Università Antonianum
ISTM, Alfonsianum
FST - University of San Diego (USA)
mcarbajo@sandiego.edu

EDUCACIÓN E INTELIXENCIA ARTIFICIAL: O PAPEL DA FAMILIA

RESUMEN

Este artículo estudia las «entusiasmantes posibilidades y graves riesgos» de la Inteligencia artificial (IA) en el ámbito educativo. El papa Francisco afirma que la IA está «modificando radicalmente la información y la comunicación y, a través de ellas, algunos de los fundamentos de la convivencia civil.» ¿Cómo acompañar a los niños en este nuevo contexto existencial, tanto en la familia como en la escuela? En la primera parte, se reflexiona sobre el uso creciente de los sistemas de IA, subrayando que pueden provocar un cambio importante en el modo de entender la tarea formativa. En la segunda parte, se ofrecen algunas indicaciones sobre el uso educativo que los padres pueden hacer de la IA en el ámbito familiar, teniendo como horizonte el humanismo de fraternidad que el Papa propone inspirándose en Francisco de Asís.

Palabras clave: Inteligencia artificial, Familia, Educación, Escuela, Magisterio eclesialístico, Francisco de Asís

ABSTRACT

This paper studies the «exciting possibilities and grave risks» of artificial intelligence (AI) in the field of education. Pope Francis affirms that AI «is radically affecting the world of information and communication, and through it, certain foundations of life in society.» How can we educate children in this new existential context? The first part focuses on the growing use of AI systems, underlining that they can bring about an important change in the way we understand education. In the second part, some indications are given about the educational use that parents can make of AI in the family environment, having as its horizon the humanism of fraternity inspired by Francis of Assisi.

Keywords: Artificial intelligence, Family, Education, School, Ecclesiastical Magisterium, Francis of Assisi

Recibido/Received: 16/10/2024

Aceptado/Accepted: 10/12/2024

Este artigo¹ analiza o posible uso educativo da Intelixencia artificial (IA) no ambiente familiar. O tema adquiriu unha maior actualidade desde o lanzamento, o 30 de novembro de 2022, do programa de IA xenerativa ChatGPT, capaz de «producir textos sintáctica e semanticamente coherentes»². Rapidamente, saíron ao mercado outras aplicacións similares que poden xerar textos, imaxes, vídeos etc.³ O papa Francisco afirma que a IA está «modificando radicalmente a información e a comunicación, e a través delas, algúns dos fundamentos da convivencia civil»⁴. Estes avances obrigan a revisar o modo de entender a educación, tanto na institución escolar como no ámbito familiar.

O termo «educación» non debe ser reducido a un modelar ao outro, inculcándolle valores e ideais previamente elaborados. Iso sería instruír, non educar. O papa Francisco usa as expresións «pacto» e «alianza educativa», subliñando así a importancia do diálogo e do respecto á diversidade⁵. En efecto, máis que transmitir contidos, a educación é unha alianza para avanzar xuntos cara á verdade, respectándose e acolléndose mutuamente. Neste sentido, Paulo Freire afirma: «Ninguén educa a ninguén. Ninguén se educa só. Os homes edúcanse entre si, mediatizados polo mundo»⁶.

¹ A primeira versión deste estudo foi realizada para impartir un relatorio no VIII simposio internacional de Familioloxía organizado pola universidade de Warmia Ymazuri en Olsztyn (Polonia), o 12.06.2024. Este artigo continua a reflexión iniciada polo autor na publicación: Carballo-Núñez Martín, «Inteligencia artificial y humanismo de fraternidad», en *SelfFran* 149/53 (2024), e no blog *do Alfonsianum*: 1) «AI and Wisdom»; 2) «Living in truth in the AI Era»; 3) «AI & Ethics»; 4) «IA y educación»; os catro dispoñibles tamén aquí: <https://www.antoniano.org/carballo/culturaleView.php?id=251>

² Francisco, «Mensaxe para a 57 Xornada Mundial da Paz» (1.01.2024), [JMP], en *Osservatore Romano*, [OR], 286 (14.12.2023) 3. Faremos nós a tradución ao galego de todos os textos do maxisterio eclesiástico.

³ Existen xa moitas aplicacións de IA que xeran textos (Copilot, Gemini, Perplexity), imaxes (Dall-E, Midjourney, Leonardo, Jasper), audios e vídeos (Synthesia, Fliki, Pictory), por citar só algúns exemplos.

⁴ Francisco, «Mensaxe para a 58 Xornada Mundial das Comunicacións Sociais» (24.01.2024), [JCS], en *OR* 19 (24.01.2024) 8.

⁵ Francisco, «Mensaxe para o lanzamento do pacto educativo» (12.09.2019), en *OR* 207 (13.09.2019) 8.

⁶ Freire Paulo, *Pedagogía del oprimido, Siglo XXI*, Madrid 2008 (20ª reimpresión), 69; Cf. Nanni Carlo, *Corresponsabili. Crescere ed educarsi insieme*, UPS, Roma 2013.

O papa Francisco afirma que o termo «Intelixencia Artificial» é complexo e difícil de definir en modo unívoco, pois se aplica a «unha galaxia de realidades distintas». Abarca unha gran «variedade de ciencias, teorías e técnicas dirixidas a facer que as máquinas reproduzan ou imiten» (JMP 2024, 2) capacidades asociadas á intelixencia humana, tales como a creatividade, a aprendizaxe automática (*machine learning*) e a planificación. Sería máis adecuado usar o termo en plural («intelixencias artificiais») porque as súas tarefas son fragmentarias e só imitan ou reproducen parcialmente algunhas capacidades humanas.

Usaremos o termo «familia» para referirnos á familia nuclear, que a Igrexa católica basea no sacramento do matrimonio, pero que, na nosa sociedade secularizada, está a adquirir tamén outras configuracións. A Igrexa ensina que ese «pequeno núcleo familiar non debería illarse da familia ampliada»⁷, a cal pode chegar a abarcar toda a humanidade (familia humana universal) e o enteiro ecosistema (a familia cósmica).

Na primeira parte do artigo, reflexiónase sobre o uso crecente dos sistemas de IA no ámbito educativo, subliñando que poden provocar un cambio importante no modo de entender a tarefa formativa. Necesitamos discernir sobre as súas moitas posibilidades e sobre os riscos e desafíos que presentan. Na segunda parte, analízase a posible utilización deses sistemas con fins educativos no ámbito familiar, prestando unha atención especial ao papel que os pais poden desempeñar para que os seus fillos reciban unha educación eficaz e personalizada, que potencie as calidades de cada un e emende as súas carencias.

► IA E EDUCACIÓN

Antes de que aparecese a IA xenerativa, estábanse xa usando outros sistemas de IA no ámbito educativo, tales como editores de texto, asistentes intelixentes, algoritmos de busca, tradutores, etc.

O lanzamento do programa ChatGPT, en novembro 2022, foi un momento importante na popularización das novas aplicacións de IA xenerativa. Desde entón, comercializáronse moitas outras aplicacións que están pen-

⁷ Francisco, «*Amoris Laetitia*. Exhortación apostólica postsinodal» (19.03.2016), [AL], n. 187, en AAS 108/4 (1.04.2016) 311-446.